

TRABALLA COA IMAXE

Onde viven as persoas da imaxe? Por que cres que están preto dun río?
Viven ao aire libre e en covas. Están preto dun río porque nel conseguen peixes e auga para beber.

A que se dedicaban?

Os membros da tribo repartían as tarefas: uns cazaban, outros recollían froitos e outros fabricaban ferramentas.

Como van vestidas?

Vestían con peles de animais.

De que cres que se alimentaban?

Alimentábanse de presas que cazaban ou pescaban e mais da recolección de froitos silvestres.

Para que pensas que usaban o lume?

O lume usábano para quentarse e para cociñar os alimentos que cazaban, pescaban ou recollían.

Que ferramentas utilizaban?

Con pedra fabricaban bifaces ou coitelos, raspadores para traballar a pel ou puntas de frecha para cazar. Xeralmente, utilizaban o sílex, que era un tipo de pedra á que era doado darlle forma e ,asemade, moi resistente.

Ánimo seguidе a traballar así que o estades facendo moi ben!

